

CONVOCATORIA PARA OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

**Presentación das XX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
"Identidade e personalidade: de que estamos a falar?"**

Este xoves 12 de novembro ás 11,30 horas, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presenta as súas XX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde, co título "Identidade e personalidade: de que estamos a falar?", que se celebrarán no Pazo de San Marcos en Lugo os días 19, 20 e 21 de novembro.

As Xornadas, que se celebran anualmente, buscan abordar a conceptualización da personalidade e de identidade no actual contexto social, así como o seu manexo desde a psicoterapia. Neste encontro profesional de carácter autonómico intervirán 15 relatores e relatoras que tratarán diferentes aspectos como os efectos do autoritarismo e da violencia na personalidade e na identidade, os cambios ao longo das distintas etapas da vida, diversos enfoques clínicos ou a interdisciplinabilidade con outros ámbitos próximos aos que abrir a intervención.

Nesta rolda de prensa do xoves 12 intervirán **Delia Guitián Rodríguez**, presidenta do Comité Organizador das XX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde e psicóloga clínica; **Mercedes Castro Bal**, presidenta do Comité Científico das XX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde e psicóloga clínica; e mais un **representante institucional** da Deputación de Lugo.

Rolda de prensa de presentación

12 de novembro, 11:30 horas

Salón de Actos do Pazo de San Marcos

San Marcos, s/n, Lugo

Agardamos contar coa súa presenza.

Saúdos,

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.gal